

# REMATAR COA PRECARIIDADE E AVANZAR EN DEREITOS

Para unha recuperación real e efectiva a CIG demanda ao Goberno que convoque a Mesa Xeral das Administracións Públicas para a aplicación das seguintes medidas:

- Unha **cláusula de garantía salarial** por desviación do IPC garantida por lei
- Un aumento salarial do 5% para o 2025
- Eliminación das taxas de reposición que impide a recuperación de prazas nas administracións
- Axilidade nos procesos selectivos e Ofertas de emprego público que recollan todas as vacantes e a creación de prazas
- Derrogación definitiva do RD-Lei 8/2010 o RD-Lei 20/2011 e RD-Lei 20/2012 que limitan a recuperación do poder adquisitivo
- Establecemento dunha xornada máxima de 35 horas semanais e avanzar cara a xornada de 32h semanais.
- Regular no EBEP os concursos de traslados e a promoción interna, para que teñan carácter anual (ou coa aplicación dun sistema permanente) previos a outros procesos selectivos.
- Regular no EBEP un importe dos trienios único para todos os grupos
- Creación Mesa de negociación da AXE na Galiza para a normalización da lingua galega no conxunto das administracións públicas e as condicións específicas dos postos de traballo no noso territorio.
- O desenvolvemento da xubilación parcial das persoas funcionarias do Réxime Xeral da Seguridade Social. E xubilación anticipada de colectivos que desempeñen funcións en condicións de penosidade, perigosidade, toxicidade etc-
- Plan de pensións Público: recuperación do diñeiro depositado en entidades privadas para unha xestión pública.

- Implantación de plans de igualdade en todas as admóns. A CIG pide que se establezan os mecanismos para que as administracións que non cumpren coa implantación dos plans de igualdade sexan sancionadas.

- Recuperación da retribución básica completa no importe das pagas extraordinarias de todos os grupos, que foron reducidas polo RDL 8/2010.

- Actualización do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre compensación por razóns de servizo. Que se promovan as accións necesarias para a modificación do citado real decreto, para a unificación dos grupos existentes.

- Derrogar o apartado 2 do artigo 7, RD 861/1986, que establece o sistema retributivo dos funcionarios da Administración Local, que impón límites que agora son innecesarios e incompatibles co novo sistema retributivo.

- Desenvolvemento do grupo B e integración directa neste grupo de todas as prazas ocupadas por persoal público ao que se lle esixiu para o ingreso a titulación de Técnico Superior, Técnico Especialista, Formación Profesional de 2º grado o equivalente

- Acabar co abuso das horas extraordinarias, derivadas en moitos casos da propia perversión da taxa de reposición que, co pretexto do control do gasto impide a creación de prazas pero non limita a ampliación das xornadas laborais mediante as horas extraordinarias, que se teñen que retribuír co incremento de gasto correspondente.

- Sancións administrativas para todos aqueles que utilicen ou permitan utilizar de xeito fraudulento as comisións de servizo, rebaxando a duración destas a un ano de máximo e impedindo a reiteración de comisións de servizo nun mesmo posto de traballo

- Garantir que se desenvolva un proceso de negociación colectiva previo de leis básicas ou estatutos na Mesa Xeral de Administracións Públicas

- Blindar as funcións do persoal funcionario público para evitar actuacións que supoñen un impacto social, no medio natural ou na economía do país( invasión eólica e mineira) establecendo un réxime claro que sancione ás persoas directivas das administracións públicas que asinen contratos con entidades publicas e privadas para realizar xestións, informes e trámites que ata de agora realizaban empregados públicos

- Incluír no réxime especial do mar ás persas funcionarias públicas que por razón de actividade deberan ter cabida nel ou establecer unha ponte que garanta a protección e os coeficientes reductores de telos por similitude do ámbito laboral.